

Voces de Queempostela

Folleto Mensual
de Información

Nº19, Febreiro-1997

Editado polo
Colectivo Gai de
Compostela

Nova agresión en Santiago

O pasado xoves 6 de Febreiro dous gais foron vítimas dunha agresión física por parte dun grupo de xoves. A agresión comezou no interior do pub "Afreketé" e volveu producir-se máis tarde na discoteca "Casting". Se os responsábeis de seguridade do "Afreketé" actuaron eficazmente expulsando o grupo de agresores do local, os encargados de seguridade do "Casting" amosaron unha actitude indiferente ante a agresión. Os agredidos decidiron denunciar os feitos o día seguinte e pór-se en contacto co CGC. A noticia da agresión axiña saltou á prensa, que o CGC convocou nunha conferencia o día 14 en presenza das vítimas. Ante este feito, o CGC sacará á rua unha nova tirada dos seus folletos contra as agresións e elaborará un cartaz alusivo. Así mesmo, prevé-se organizar máis actos para chamar a atención da sociedade sobre o preocupante tema das agresións homofóbicas. Se queres máis información ao respecto ou desexas aportar suxestións, escribe-nos ou pasa polo local no horario de costume.

Parladoiro

En vista do novo caso de agresión que acaba de vivir a comunidade gai compostelá, o CGC decidiu organizar un parladoiro sobre as agresións homofóbicas. Nel exporá-se o texto do folleto editado polo CGC e tentará-se profundar na

necesidade de efectuar denuncias e de facer fronte á indiferencia e mofa de moit@s axentes da policia. De non mudaren as datas, o parladoiro ha-se celebrar no pub "Modus Vivendi", o día mércores 4 de marzo ás 21:00. Se queres aportar ideas ou textos para o debate, escribe-nos ou pasa polo local nas horas de permanencias.

Manifestación do 28-M

Os colectivos de gais elésbicas de todo o Estado Español están a preparar unha manifestación unitaria para o vindeiro sábado 28 de Marzo en Madrid. O motivo fundamental desta manifestación será, unha vez máis, o de reclamar o respecto dos dereitos fundamentais da comunidade homosexual, e, en concreto, esixir a aprobación dunha lei de parellas de feito que responda minimamente ás necesidades de gais elésbicas. O CGC aínda non se ten pronunciado ao respecto, pero o máis probable é que dé o seu apoio á manifestación. Tampouco se decidiu aínda se o colectivo vai enviar, como na anterior edición, unha representación á manifestación.

Actualmente está-se a estudar a posibilidade de organizar unha concentración propia en Compostela e máis centrada na protesta contra as agresións homofóbicas. O CGC xa comezou a recadar o apoio de partidos, sindicatos e



diversas asociacións. Se tes ideas ao respecto pasa polo local ou escribe ao apartado ou por correo electrónico.

Reparto de folletos

O CGC comezou a repartir polos locais composteláns frecuentados por gais elésbicas os folletos da súa nova campaña "FOLLA... de reclamacións". O reparto está a ter unha boa acollida entre o público xa que nunha semana xa se esgotou o material repartido. Nos vindeiros días o voluntariado do CGC efectuará un novo reparto. Se queres colaborar ou recibir o folleto, escribenos ou pasa polo local no horario de permanencias.

De volta á alameda

O CGC reiniciará o reparto de condóns e folletos informativos pola alameda compostelá nos vindeiros días. Esta actividade, xa tradicional no programa activista da asociación, realiza-se en colaboración co Comité Anti-Sida de Santiago. A máis de fomentar o sexo seguro, esta campaña de repartos pretende achegar información sobre as campañas desenvolvidas polo CGC. Por outra banda, coa súa presenza na alameda, o colectivo quer facer un mellor seguimento dos casos agresións homofóbicas que se producen nesta zona verde da cidade. A novidade deste ano será a presenza no reparto de voluntarios do Comité Anti-Sida. Esta asociación ten amosado ultimamente a súa preocupación ante a baixa na prevención do contaxio do VIH entre a comunidade homosexual. Se queres colaborar no reparto ou aportar ideas ao respecto, escribe-nos ou pasa polo local.

Éxito da festa en "Factoria"

O CGC volveu repetir o éxito de convocatória na última festa celebrada no "Factoria" en colaboración co BOGA. Á numerosa afluencia de público, mália a época de exames, uniu-se-lle a longa lista de actuacións: Hilária a Proscrita, Elvira a Galáctica, A Baronessa, etc... A festa celebraba-se para lanzar a campaña "FOLLA... de reclamacións" e na mesma apresentou-se a nova estrutura do colectivo de lesbianas compostelán. A Comisión de Actos Lúdicos e Culturais aínda non decidiu

data para unha nova festa. Se queres actuar ou aportar ideas, escribe ou pasa polo local.

Fluxos

O Anuario Galego de Estudos e Crítica Homosexuais que vai lanzar o CGC, através da asociación Blanco-Amor, xa ten nome: Fluxos. Nestes momentos xa se receberam todas as colaboracións, e algunhas delas están en proceso de picado e corrección lingüística. Os responsábeis desta nova publicación esperan que se poda sacar á rua para este mes de Marzo. Neste primeiro número conta-se coas colaboracións de X.M. Buxán, Álex Mene e Xosé Santos, entre outras. Se queres escribir un artigo de investigación, unhas notas críticas ou unha recensión dun libro, non o dubides, manda-no-lo ao apartado de correos.

O CGC coa tractorada

O pasado sábado 14 de Febreiro celebrou-se en Compostela unha gran manifestación para protestar pola ameaza que supoñen as últimas e violentas actuacións policías para os dereitos fundamentais da sociedade galega. O CGC, por mor do caso de agresión que se produciu neses días, non pudo tirar un comunicado de prensa de apoio. Desde aquí o CGC quer expresar o seu apoio especial a esta e vindeiras manifestacións: a comunidade homosexual galega foi vítima tamén nestes últimos meses de actuacións represoras por parte da policía coa identificación e elaboración de fichas en zonas de engate. Xa que logo, o CGC apoia as mobilizacións labregas previstas para este mes de Marzo e anima a todos os gais elésbicas, e a toda a sociedade en xeral, a manifestar a súa soliedariedade.

Xa Sabes...

Escrebe ao apartado 191 /
CP 15780 Compostela
ou por e-mail: gaicompos@hotmail.com

OU....

Pasa polo noso local:
Rua Entremuros, nº 16, baixo
luns, mércores e xoves a partir das 20:30